



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 23 de novembro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Carlos López Font.  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e sete minutos do día vinte e tres de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso e a titular de Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1376).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1377).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA (LOTE 7). EXPTE. 21790/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/11/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lote 7)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lote 7)

### ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lote 7) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	GARCI VENTA, S.L.	100 puntos
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCI VENTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



## Concello de Vigo

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCI VENTA, S.L., o día 14 de novembro de 2018, que presenta a documentación acreditativa da garantía definitiva o 16 de novembro, dentro do prazo concedido. O resto da documentación xa consta no expediente ao terse adxudicado a este licitador os lotes 1, 2, 3, 5 e 6.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GARCI VENTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARCI VENTA, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 23 de outubro de 2018 e o acordo da Mesa de Contratación do 31 de outubro de 2018 polo que se resolve o empate co outro licitador presentado e admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GARCI VENTA, S.L. o lote 7 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) por un prezo total de 7.689,51 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.334,54 euros e cunha baixa proporcional do 10% a aplicar tanto aos prezos unitarios deste lote no PPT como ás unidades non previstas no PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1378).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VIGO (FONDO DE ADECUACIÓN). EXPTE. 32837/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/11/18 e o informe de fiscalización do 23/11/18, dáse conta do informe-proposta do 19/11/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**1.-** En data 26/09/2018 se presenta escrito asinado polo Presidente do Comité de Persoal que contén proposta de revisión retributiva de distintos postos de traballo (trámite 3 do exppte) nos termos seguintes:

- “Así polos motivos sinalados no escrito, propónse a modificación dos seguintes postos: postos de oficiais de instalacións deportivas e oficiais de mantemento instalacións deportivas; dos postos de responsable instalacións deportivas; administrativo/a, operario peón traballos exteriores, mestre de oficios e mestre formación, inspector municipal, inspector de tributos, alguacil notificador, diversos postos adscritos a C.E.D.R.O: Posto auxiliar de Laboratorio, psicólogo, diplomada enfermaría, auxiliar de rehabilitación, auxiliar de admón. xeral adscrito a CEDRO, posto recepcionista CEDRO, monitor de educación física, diplomado/a traballo social; oficial coidador e oficial condutor, auxiliar administrativo (ZOO); capataz (ZOO); responsable de instalación (ZOO); técnico auxiliar de biblioteca; operador informática; Delineante adscrito ao Servizo de Educación; creación dun posto de xefe/a de negociado (registro xeral); xefe/a unidade control presupostaria, condutor palista zondal; modificación dun posto “Inspector OMIC” redenomíndolle Xefe oficina inspección consumo; axudante técnico electromecánicos, postos de encargado mantemento e loxística (antes xefe de equipo) Parque Central, oficiais auxiliares, oficial canteiro escultor, delineante.”

**2.-** Mediante distintas dilixencias de data 24/10/2018 e 31/10/2018, e en relación coa proposta do Comité de Persoal, solicitáronse informes ás xefaturas das áreas e servizos sobre as funcións dos postos de traballo encadrados nos ámbitos ao seu cargo, sendo os seguintes:

- Xefatura da Área de Servizos Xerais,
- Responsable do Parque Móbil,
- Xefatura da Área de Seguridade,



## Concello de Vigo

- Servizo de Estadística,
- Servizo de Patrimonio,
- Servizo de Educación,
- Servizo de Cartografía-delineación,
- Intervención urbanística-licencia de obras,
- Xefatura de servizo Medio ambiente e vida saudable,
- Responsable do Parque central de Servizos,
- Xefatura do Servizo de Administración electrónica,
- Taller de Vías e Obras,
- Xefatura de Benestar Social,
- Xefatura do Servizo de Limpeza,
- Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento,
- Xefatura de Parques, Montes e Xardíns.

Os informes emitidos constan anexados ao presente expediente electrónico.

3.- Á vista tanto da petición sindical como da información aportada polas diferentes xefaturas informantes, en data 19/11/2018 emítese informe técnico pola Técnica de Avaliación e Formación, obrante no expediente electrónico, no cal se realiza a avaliación técnica da proposta, indicando a procedencia e viabilidade técnica e económica da mesma, así como a motivación da necesidade e a verificación da efectiva alteración do contido funcional dos postos de traballo obxecto de revisión.

O importe total da proposta de revisión retributiva ascende a 176.163,14 euros, e segundo o informe técnico emitido, resulta susceptible de imputarse á aplicación orzamentaria 92001210300-"Creación dun fondo de adecuación" dos vixentes Orzamentos Municipais.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

#### **I.- Cuestión previa.-**

Como cuestión previa, resulta imprescindible deixar constancia expresa do feito de que, a documentación completa, en formato electrónico, necesaria para a emisión do presente informe non estivo a disposición da funcionaria suscribinte ata o día de hoxe, 22/11/2018 ás 09:13 hrs (trámite 152) do expediente electrónico.

Solicitado verbalmente pola Concellaría de Xestión Municipal en reunión de data 16/11/2018, a emisión urxente de este informe, a suscribinte procede á emisión do mesmo coa urxencia coa que é solicitado, a pesares de non ser a súa obriga legal a observancia de tan exíguo

prazo. Informe que, dada a extrema brevidade do prazo asignado, emítase con todas as salvedades legais oportunas, e obviamente a salvo do que poda resultar dun estudio máis profundo tanto do expediente electrónico como do marco normativo de aplicación.

## **II.- As relacións de postos de traballo.-**

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que “sen prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por sí mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz”.

De conformidade co art. 90.2 da Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), “as Corporacións Locais formarán a relación de todos os posto de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”.

Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditosa instrumentos serán públicos”.

Pola súa parte, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), dispón que “as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”.

## **III.- Procedemento.-**

Dispón o art. 202.2 da LEPG que “previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se achegaron reclamacións, suxestión ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións achegadas”.

## **IV.- Preceptividade da negociación colectiva.-**

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de negociación “as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos”. Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

## **V.- Motivación técnica e legal da modificación proposta.-**

A presente proposta vén sustentada por dous esenciais aspectos:



## Concello de Vigo

- motivación técnica: a estes efectos, efectúase unha remisión expresa ao informe técnico emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de data 19/10/2018, ao longo do cal se realiza pronunciamento e argumentación técnica sobre a viabilidade técnica e procedencia da proposta.
- motivación legal: o artigo 74 do RD Legislativo 5/2015, do 1 de outubro, do TREBEP, establece que “las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.”

De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do citado Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal daccordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión

y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outro instrumento de ordenación de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos. O persoal ao servizo da Administración Local goza dun réxime retributivo legalmente predeterminado nos termos do disposto na lexislación sectorial vixente, como se especifica no propio artigo 93 da xa referida Lei 7/1985, do 2 de abril, no cal se preceptúa que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; en termos similares se pronuncia o artigo 153.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, cando sinala que a estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos funcionarios da Administración Local rexeranse polo disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que “as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública” (apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias – transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo- ateranse asimismo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2).

O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que a propia Lei 7/2007, do 12 de abril, deroga expresamente na Disposición Derogatoria Única, apartado b) da mesma, entendendo autores encadrados na doutrina administrativista especializada como MARTÍN REBOLLO, LUIS a procedencia da aplicabilidade directa da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico por defecto de precepto legal específico de carácter básico, criterio que se comparte debido á súa eficacia práctica e ao seu sustento lóxico na propia Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007).

Con carácter xeral, a lexislación orzamentaria limita e acota o incremento de retribucións do persoal ao servizo do sector público, en garantía de sostibilidade e equilibrio financeiro das facendas públicas. Non obstante, indícase que as adecuacións retributivas excepcionais e singulares dos postos de traballo existentes nas Administracións Públicas atópanse expresamente contempladas na lexislación vixente, concretamente na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, en cuxo artigo 18, apartado Siete se establece que:





## Concello de Vigo

“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”

Como referencia xurisprudencial de especial importancia pola súa aplicabilidade ao incremento de retribucións do persoal ao servizo da Administración Local en supostos de carácter singular e excepcional en relación coas relacións de postos de traballo tómase como referencia a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª) do 19 de decembro do 2005, dictada no Recurso de Casación nº 596/2000 (Ponente Ilmo. Sr. D. Pablo María Lucas Murillo De la Cueva) e que constitúe criterio xurisprudencial consolidado a teor das restantes resolucións xudiciais en idéntico senso que na mesma se citan (vid. SSTS Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª, de 20 de outubro (Recurso de casación 797/2001), 13 de outubro (Recurso de casación 3620/2002), 22 de setembro (Recursos de casación 5298/2001 e 3557/2001) e 15 de setembro (Recurso de casación 710/2001).

No fundamento xurídico cuarto da sentenza principal citada, o Tribunal Supremo sinala en canto ao fondo do asunto que ....”Esta Sala ha tenido la ocasión de pronunciarse en distintas ocasiones sobre la cuestión que aquí se ha planteado: el alcance de las normas contenidas en las Leyes de Presupuestos prohibiendo o limitando los incrementos retributivos dentro del sector público. En particular, lo ha hecho recientemente en varias Sentencias de septiembre y octubre de 2005 a propósito de la impugnación de acuerdos de entes locales aprobatorios de sus relaciones de puestos de trabajo o de sus presupuestos, precisamente, por entender la Administración General del Estado que habían infringido las normas de las Leyes de Presupuestos Generales del Estado que imponían tales prohibiciones o límites. Se trata de las Sentencias de esta Sala y Sección de 20 de octubre (casación 797/2001), 13 de octubre (casación 3620/2002), 22 de septiembre (casación 5298/2001 y 3557/2001) y 15 de septiembre (casación 710/2001).

En esas Sentencias se ha dicho, ante normas de contenido semejante a las que aquí se han aplicado, que las previsiones de la Ley de Presupuestos Generales del Estado no contienen límites infranqueables a los incrementos retributivos, como resulta de su propio tenor, ya que contemplan excepciones. En primer lugar, porque las prohibiciones de aumentos en las remuneraciones las establecen en términos de homogeneidad por lo que respecta a los efectivos de personal y a su antigüedad para los dos períodos de comparación, de manera que los aumentos de plantilla pueden determinar incrementos del gasto correspondiente, del mismo modo que las variaciones que se produzcan en la antigüedad del personal. Ha dicho, también la Sala que, cuando no se discute que exista esa homogeneidad, corresponde a quien recurre, el Abogado del Estado, demostrar que el acto impugnado ha incurrido en el exceso legalmente prohibido, mientras que cuando se sostiene por la corporación local que no se dan esos términos de homogeneidad y que están justificados los incrementos retributivos de que se trate, a ella toca la carga de la prueba. Asimismo, ha dicho esta Sala que la adecuación retributiva que las Leyes de Presupuestos Generales autorizan, tiene un carácter singular y excepcional que ha de ser justificado por la corporación local.”

As xustificacións que se efectúan no informe da Técnica de Avaliación e Formación de data 19/11/2018 e a apreciación das necesidades dos servizos e áreas nas cales se atopan incardinados os postos de traballo obxecto de revisión deberán ser valoradas polo Goberno

Municipal aos efectos da aprobación do expediente, indicando o mesmo unha alteración do contido funcional dos postos de traballo obxecto de revisión xunto coa correspondente cuantificación do custe económico asociado, podendo obviamente recabar aqueles informes complementarios que estime procedentes -xuntamente cos informes preceptivos cuxa emisión legalmente proceda- con carácter previo á aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, órgano que ostenta a competencia para a aprobación da Relación de Postos de Traballo nos municipios suxeitos ao réxime xurídico de grande poboación –e consecuentemente para a aprobación das correspondentes modificacións- e para a xestión do persoal municipal, consonte ao disposto nos artigos 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

#### **VI.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa do expediente.-**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (art. 214) dado que a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta, a mesma propón a reasignación de estruturas a áreas de gasto diferentes, que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria.

#### **VII.- Competencia.-**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación da RPT e, polo tanto, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **VII.- Procedemento e informes preceptivos.-**

Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:

“**d)** En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:

6.º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.

4. La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe/conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.



## Concello de Vigo

Visto o anteriormente exposto, no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e 30/12/201 , así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos da mesmas datas, sométese á consideración da mesma a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, en canto aos postos contidos no Anexo I que forma parte inseparable do presente Acordo, motivado no Informe técnico de data 19/11/2018, na solicitude do Comité de Persoal, de data 26/09/2018, así como nos informes emitidos polas correspondentes xefaturas obrantes no presente expediente electrónico.

### ANEXO I

#### INCREMENTOS PROPOSTOS

Co dg	Denominaci on Posto	Nº	G r	C d A c t u a l	Importe mensua l	C d P r o p o s t o	Importe Mensua l	Incre mento CD Mens ual	CE act ual Mens ual	Importe mensua l CE	CE Pro post o	Importe Mensua l CE	Incre mento CE Mensua l	Total Increme nto Posto mensual	Total incremen to anual posto	Total Anual total postos
85	DIPLOMAD O/A EN ENFERMER IA	1	A2						690	1.113,76 €	300	1.203,79 €	90,03 €	90,03 €	1.260,42 €	1.260,42 €
101	TECNICO/A AUXILIAR BIBLIOTEC A	2	C1	20	456,41 €	22	529,21	72,80 €						72,80 €	1.019,20 €	2.038,40 €
105	ADMINIST RATIVO/A	68	C1	19	433,11 €				316	670,38 €	317	734,31 €	63,93 €	63,93 €	895,02 €	60.861,36 €
106	DELINEAN TE	1	C1	18	409,79 €	20	456,41	46,62 €	312	801,50 €	88	1.070,90 €	269,40 €	316,02 €	4.424,28 €	4.424,28 €
112	AXUDANT E TECNICO ELECTRO MECANICO S	1	C1	18	409,79 €	20	456,41	46,62 €	312	801,50 €	88	1.070,90 €	269,40 €	316,02 €	4.424,28 €	4.424,28 €
137	RECEPCIO NISTA DE CEDRO	2	E						562	674,84 €	314	764,87 €	90,03 €	90,03 €	1.260,42 €	2.520,84 €
138	AUX ADTVO	1	C2						159	660,99 €	410	753,12 €	92,13 €	92,13 €	1.289,82 €	1.289,82 €

Co dg	Denominaci on Posto	Nº	G r	C d A c t u a l	Importe mensua l	C d P r o p o s t o	Importe Mensua l	Incre mento CD Mens ual	CE act ual Me ns ual	Importe mensua l CE	CE Pro post o	Importe Mensua l CE	Incre mento CE Mensua l	Total Increme nto Posto mensual	Total incremen to anual posto	Total Anual total postos
141	AUXILIAR LABORATO RIO	2	C2						149	795,11 €	140	887,13 €	92,02 €	92,02 €	1.288,28 €	2.576,56 €
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	1	C2	16					159	660,99 €	158	670,39 €	9,40 €	9,40 €	131,60 €	131,60 €
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	1	C2	16					159	660,99 €	157	701,89 €	40,90 €	40,90 €	572,60 €	572,60 €
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	1	C2	16					159	660,99 €	157	701,89 €	40,90 €	40,90 €	572,60 €	572,60 €
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	1	C2	16					159	660,99 €	159	670,38 €	9,39 €	9,39 €		573,60 €
152	ALGUACIL - NOTIFICA DOR	7	E						562	674,84 €	149	795,11 €	120,27 €	120,27 €	1.683,78 €	11.786,46 €
158	PEON TRABALLO S EXTERIOR ES	3	E	13	293,28 €	14	316,61 €	23,33 €					0,00 €	23,33 €	326,62 €	979,86 €
172	XEFE/A UNIDADE CONTROL PRESUPOS TARIO	1	C1						313	796,82 €	305	1.208,91 €	412,09 €	412,09 €	5.769,26 €	5.769,26 €
184	XEFE/A EQUIPO OFICIOS	1	C2						409	753,12 €	408	914,80 €	161,68 €	161,68 €	2.263,52 €	2.263,52 €
211	MONITOR/ A EDUCACIO N FISICA	1	C2						161	648,61 €	315	742,31 €	93,70 €	93,70 €	1.311,80 €	1.311,80 €
212	AUXILIAR EDUCACIO N CEDRO	1	C2						161	648,61 €	315	742,31 €	93,70 €	93,70 €	1.311,80 €	1.311,80 €
263	PSICOLOG O/A CEDRO	1	A1						680	1.317,00 €	675	1.407,03 €	90,03 €	90,03 €	1.260,42 €	1.260,42 €



# Concello de Vigo

Co dg	Denominación Posto	Nº	Gr	C d A ct ual	Importe mensua l	C d Pr opo s to	Importe Mensua l	Incre mto CD Mens ual	CE act ual Mens ual	Importe mensua l CE	CE Pro p o s to	Importe Mensua l CE	Incre mto CE Mensua l	Total Incre mto Posto mensua l	Total incre mto anual posto	Total Anual total postos
318	ADMINISTRATIVO INDEFINIDO SENTZ XUDICIAL	1	C1	19	433,11 €				316	670,38 €	317	734,31 €	63,93 €	63,93 €	895,02 €	895,02 €
509	DIPLOMADO TRABA LLO S SOCIAIS CEDRO	1	A2						690	1.113,76 €	300	1.203,79 €	90,03 €	90,03 €	1.260,42 €	1.260,42 €
603	ADMINISTRATIVO/A REX LAB	3	C1	19	433,11 €				316	670,38 €	317	734,31 €	63,93 €	63,93 €	895,02 €	2.685,06 €
608	CONSERXERESPONSABLE INSTALACION S DEPORTIVAS	3	C2	16	363,23 €	17	386,48 €	23,25 €	90	696,95 €	310	824,44 €	127,49 €	150,74 €	2.110,36 €	6.331,08 €
615	OFICIAL INSTALACION S DEPORTIVAS	18	C2	15	339,89 €	16	363,23 €	23,34 €	156	713,38 €	151	772,00 €	58,62 €	81,96 €	1.147,44 €	20.653,92 €
616	OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES	12	C2	15	339,89 €	16	363,23 €	23,34 €	156	713,38 €	151	772,00 €	58,62 €	81,96 €	1.147,44 €	13.769,28 €
658	ADMINISTRATIVO EMAO	2	C1	19	433,11 €				316	670,38 €	317	734,31 €	63,93 €	63,93 €	895,02 €	1.790,04 €
686	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - ZOO	1	C2	16	363,23 €	18	409,79 €	46,56 €	406	714,81 €	171	712,75 €	-2,06 €	44,50 €	623,00 €	623,00 €
688	RESPONSABLE DE INSTALACION S - ZOO	1	C2						408	914,80 €	306	1.092,27 €	177,47 €	177,47 €	2.484,58 €	2.484,58 €
	XEFES NEGOCIADO	27	C1	22	529,21 €				313	796,82 €	320	860,75 €	63,93 €	63,93 €	895,02 €	24.165,54 €

Codg	Denominacion Postos	Nº	Gr	C d Actual	Importe mensual	C d Proposto	Importe Mensual	Incremento CD Mensual	CE actual Mensual	Importe mensual CE	CE Proposto	Importe Mensual CE	Incremento CE Mensual	Total Incremento Postos mensual	Total incremento anual postos	Total Anual total postos
	TOTAL POSTOS	143													TOTAL	176.163,14 €

### REDENOMINACIÓN POSTOS

Codg	Denominacion Postos	Nova Denominacion
85	DIPLOMADO/A EN ENFERMERIA	
101	TECNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	
105	ADMINISTRATIVO/A	
106	DELINEANTE	ENCARGADO OFICINA TECNICA EDUCACION
112	AXUDANTE TECNICO ELECTROMECHANICOS	ENCARGADO MANTEMENTO
137	RECEPCIONISTA DE CEDRO	
138	AUX ADTVO	AUXILIAR ADMON. XERAL CEDRO
141	AUXILIAR LABORATORIO	AUXILIAR LABORATORIO CEDRO
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	OFICIAL SERV. INTERNOS-ADMON ELECTRONICA
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	OFICIAL SERV. INTERNOS-XARDINS
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	OFICIAL SERV INTERNOS-EDUCACION
146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	OFICIAL SERV INTERNOS -SEIS
152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	
158	PEON TRABALLOS EXTERIORES	
172	XEFE/A UNIDADE CONTROL PRESUPOSTARIO	
184	XEFE/A EQUIPO OFICIOS	AXUDANTE TECNICO PARQUE CENTRAL
211	MONITOR/A EDUCACION FISICA	
212	AUXILIAR EDUCACION CEDRO	
263	PSICOLOGO/A CEDRO	
318	ADMINISTRATIVO INDEFINIDO SENTZ XUDICIAL	



## Concello de Vigo

Codg	Denominacion Posto	Nova Denominacion
509	DIPLOMADO TRABALLOS SOCIAIS CEDRO	DIPLOMADO TRABALLOS SOCIAIS CEDRO
603	ADMINISTRATIVO/A REX LAB	
608	CONSERXE RESPONSABLE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	
615	OFICIAL INSTALACIONES DEPORTIVAS	
616	OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES	
658	ADMINISTRATIVO EMAO	
686	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - ZOO	AUXILIAR ADMINISTRATIVO ALCALDIA
688	RESPONSABLE DE INSTALACIÓNS - ZOO	

**SEGUNDO.-** Aprobar a modificación das guías de funcións contidas no Anexo II que forma parte inseparable do presente acordo, motivado no Informe técnico de data 19/11/2018.

### ANEXO II

#### GUIAS DE FUNCIONES

POSTO	OFICIAL DE OFICIOS
GRUPO	C2
DATA APROBACION	

#### FUNCIÓNS ASOCIADAS AO POSTO

Posuíndo formación profesional teórico-práctica suficiente, desenvolverá de maneira profesional e con total dominio do seu oficio, as tarefas propias da súa categoría en función da súa especialidade, tales como:

Coidado e control do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realiza-las súas funcións.

Desenvolve-las tarefas propias da súa profesión con capacidade suficiente para realiza-los traballos propios do oficio.

Dirixi-las tarefas do persoal de inferior categoría.

Executa-las ordes de traballo que se lle asignen, de acordo coa súa especialidade.

Cumplimentación dos partes de traballo realizado.

Manexar toda a maquinaria e equipo usados no seu oficio ou especialidade.

Informar dos erros ou desperfectos de equipos ou instalacións da súa área de traballo ante o seu superior.

Realiza-las tarefas de mantemento e conservación, no seu caso, en instalacións e edificios municipais.

Cumprimento da normativa en prevención de riscos laborais.

Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.

Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.

En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerarquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

**No caso do Oficial de Mantemento de Deportes, amais das anteriores realizará as seguintes:**

De forma xeral desempeñaran funcións polivalentes atendendo as necesidades do servizo de Deportes:

Executar e controlar o mantemento e reforma das instalacións, maquinaria e edificios dependentes do servizo de Deportes, localizando e reparando avarias, tendo dominio do oficio. No caso de urxencia arbitrará solucións, por iniciativa propia, executando as distintas operacións con responsabilidade.

Colaborar en todos os traballos de mantemento e conservación de instalacións nos que sexa requerido.

Colaborar no control das reparacións e novos equipamentos que se realicen nas instalacións municipais por equipos especializados alleos.

Atoparanse localizables fora da súa xornada de traballo para a solución de avarias e imprevistos.

Conducir os vehículos municipais asignados ao servizo, cando sexa necesario para o desenvolvemento da funcións do seu posto.

En situacións de necesidade e urxencia, desempeñarán labores de control nas conserxerías das instalacións deportivas, realizando as correspondentes tarefas de atención ao público.

**No caso do Oficial de Instalacións Deportivas:**

Distribuir o uso das instalacións aos usuarios en función da programación asignada.

Atención e información ao público e control de acceso as instalacións deportivas.

Control do estado da instalación deportiva, dando parte ao encargado xeral.





## Concello de Vigo

Manexar e coñecer todos os mandos de control e uso das instalacións (alumeado, ventilación, megafonía, cortinas, sauna e demais equipamentos deportivos)

Realizar a reserva de instalacións e cobramento das taxas pola súa utilización, entregando ao usuario o recibo correspondente, dando conta diariamente e entregando a liquidación da recadación á oficina administrativa , utilizando as maquinas ou caixas oportunas.

Realizar a apertura e peche da instalación segundo horario establecido.

Desenvolver tarefas de pequeno mantemento nas instalacións de destino.

Conducir os vehículos municipais asignados ao servizo, cando sexa necesario para o desenvolvemento da funcións do seu posto.

POSTO	CONSERXE RESPONSABLE DE INSTALACIONS
GRUPO	C2
DATA APROBACION	

### RELACION DE FUNCIONS ASOCIADAS AO POSTO

Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional, ou ben da súa formación teórico-práctica e propias do seu servizo, respetando o código deontolóxico, de se-lo caso, tales como:

Control e vixilancia xeral da instalación na que preste servizos, actuando no caso de detectar calquera anomalía ou desperfecto e comunicando no seu caso as incidencias do servizo ó superior.

Apertura e peche da instalación, de portas e fiestras, do alumeado, calefacción e outros fluídos, así como outras tarefas propias de conserxería.

Atención da centralita telefónica.

Alugamento e cobro pola utilización das instalacións, reparando avarías e en xeral resolvendo os problemas e incidencias que xurdan nas instalacións.

Supervisión e control inmediato do persoal do equipo de traballo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos superiores xerárquicos.

Asesorar e participar persoalmente na execución de certos traballos ou actividades de especial dificultade profesional.

Cumprimentación dos distintos partes de actividade e demais documentos relacionados coas funcións propias do seu traballo.

Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.

Atención e información ós usuarios, controlando o bo uso que estes fagan das instalacións e material.

Utilización das aplicacións informáticas correspondentes á súa Unidade

Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.

En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

### **No caso dos Conserxes de Instalacións Deportivas**

Responsabilizaranse do funcionamento das conserxerías nos complexos deportivos con varias instalacións e gran volumen de traballo.

Distribuir o uso das instalacións aos usuarios en función da programación asignada.

Atención e información ao público así como control de acceso as instalacións

Controlar o estado do complexo deportivo e coordinación co resto das instalacións. No caso de necesidade arbitrarán solucións por propia iniciativa e darán conta das mesmas ao Encargado Xeral.

Manexar, en caso de necesidade, os mandos de control e uso das instalacións (alumeado, ventilación, megafonía, cortinas, sauna e demais equipamentos deportivos).

Realizar o cobro das taxas pola súa utilización, entregando ao usuario o recibo correspondente, dando conta diariamente e entregando a liquidación da recadación á oficina administrativa, utilizando as máquinas ou caixas oportunas.

Realizar a apertura e peche da instalación segundo horario establecido.

Conducir os vehículos municipais asignados ao servizo, cando sexa necesario para o desenvolvemento das funcións do seu posto.



## Concello de Vigo

POSTO	AXUDANTE OFICIOS (OPERARIO-PEON)
GRUPO	E
DATA APROBACION	

### RELACIÓN DE FUNCIÓNS ASOCIADAS AO POSTO

Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional, ou ben da súa formación teórico-práctica e propias do seu servizo, respetando o código deontolóxico, de se-lo caso, tales como:

Realizar tarefas normalmente de carácter repetitivo e de apoio, con aplicación de normas estandarizadas e que precisen esforzo físico.

- Tarefas de carácter xeral ou específico de axuda e colaboración que lle sexan requiridas polo seu superior, baixo a supervisión deste e en función dos cometidos do Servizo.

Coidado do perfecto estado do material e ferramentas que precise para realiza-lo seu cometido.

Realizar labores elementais con máquinas sinxelas, entendendo por tales aquelas que non requiren adestramento nin coñecemento específico.

Colaborar nas operacións de carga e descarga manual ou con axuda de elementos mecánicos simples.

Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.

Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.

Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.

En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerarquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

POSTO	ENCARGADO XERAL MANTEMENTO
GRUPO	C1
DATA APROBACION	

Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional, ou ben da súa formación teórico-práctica e propias do seu servizo, respetando o código deontolóxico, de se-lo caso, tales como:

Definición e elaboración do Plan preventivo do mantemento das instalacións, realizando a planificación, programación, , así como a transcripción dos datos obtidos mediante aplicacións informáticas, bases de datos, hojas de cálculo etc.

Asegurar o correcto funcionamento dos equipos e instalacións

Supervisión e dirección das tarefas de mantemento preventivo e conservación das diferentes instalacións.

Asignación, coordinación e control dos traballos de mantemento das distintas especialidades que se encomenden a Unidade de Mantemento, realizando o control da cantidade e calidade do traballo realizado, a utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados e o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Control da correcta execución dos traballos de obra e instalacións, realizados por empresas externas, comunicando as incidencias que, ao respecto, poiderán surgir, realizando a coordinación das actuacións do persoal municipal e empresas contratadas na realización de traballos de reforma de obra civil e instalacións.

Mantemento e actualización continua do inventario das instalacións co correspondente levantamento de planos reais das instalacións realizadas, reformas, variacións e codificación de todos os seus elementos e a transcripción dos datos obtidos mediante aplicacións informáticas gráficas e cartográficas, manejo de autoCAD.

Seguimento e control dos subministracións de enerxía, eléctrica, gas natural e gasóleo así como a recepción e control da facturación dos subministrados de enerxía eléctrica, gas natural e gasóleo.

Supervisión e control do almacén do servizo no referente a saídas e entradas de maquinaria, materiais, ferramentas, equipos, etc

Avaliación das necesidades e xestión da adquisición de materiais e ferramentas de pequeno custo ou primeira necesidade (Madera, pinturas, materiais eléctricos, ferramenta de mantemento, etc), imprescindibles para o funcionamento do servizo, formulando as correspondentes propostas, así como o recepción das adquisicións e control da facturación.

Atención, cos medios requeridos, das urxencias que poiderán surgir no mantemento das instalacións dos edificios da Casa Consistorial e Reitorado.

Realización de medicións relacionadas coa ergonomía ambiental en relación cos niveis lumínicos e térmicos nas instalacións municipais .

Inspeccións periódicas do estado e funcionamento das instalacións eléctricas das fontes municipais de acordo co REBT.



## Concello de Vigo

Seguimento e control da concesionaria na realización das súas tarefas como mantedor en canto aos sistemas electricos, hidraulicos, bombas, etc.

Seguimento e control das reformas das instalacións para o debido cumprimento e adaptación ao REBT.

Seguimento e control das actuacións encamiñadas a modernización das instalacións.

Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.

Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.

Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.

En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerarquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

POSTO	AXUDANTE TÉCNICO PARQUE CENTRAL
GRUPO	C2
DATA APROBACION	

Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional, ou ben da súa formación teórico-práctica e propias do seu servizo, respetando o código deontolóxico, de se-lo caso, tales como:

Control da correcta execución dos traballos de obra e instalacións ou servizos , realizados por empresas externas, comunicando as incidencias que, ao respecto, puidieran surgir, realizando a coordinación das actuacións do persoal municipal e empresas contratadas na realización de traballos de de reforma de obra civil e instalacións.

Asegurar o correcto funcionamento dos equipos e instalacións

Xestionar as tarefas de mantemento preventivo e conservación da instalación incluíndo arquetas, redes de sumidoiros, valados, peches, etc

Reparar avarías producidas nas instalacións, ou de non ser posible, xestionar a súa reparación por persoal propio ou externo.

Avaliación das necesidades e xestión da adquisición de materiais e ferramentas de pequeno custo ou primeira necesidade (Madera, pinturas, materiais eléctricos, ferramenta de mantemento, etc), imprescindibles para o funcionamento do servizo, formulando as

correspondentes propostas, así como o recepcionado das adquisicións e control da facturación.

Control das operacións de entrada e saída de maquinaria, materiais, ferramentas, equipos, etc do Almacen Central, verificando os productos recibidos

Realización de tarefas de mantemento do Almacen e espazos exteriores para axilizar a entrada e saída de materiais, ferramentas, equipos, etc

Manter a orde nos almacéns, reubicando materiais, desfacéndose dos obsoletos e inservibles,

Como consecuencia do dito réxime desglosáronse as funcións tradicionalmente encomendadas á Secretaría Xeral en dous postos, Secretaría Xeral do Pleno e Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local (Secretaría de Goberno Local segundo as Instrucións de cadro de persoal municipais) sen prexuízo da existencia doutros postos correspondentes a órganos de colaboración, en consonancia co novo esquema no que a Xunta de Goberno Local pasa a ostentar, como órgano colexiado de natureza eminentemente executiva, o groso das competencias municipais, sen prexuízo de cantas lle corresponden ao alcalde-presidente e aos concelleiros-delegados como órganos unipersoais. Na aplicación do disposto na disposición transitoria quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, o secretario xeral pasa a desenvolver o posto de secretario xeral do Pleno e o vicesecretario pasa a desenvolver o posto de titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, ao que corresponde o desenvolvemento das funcións de fe pública nos termos recollidos na disposición adicional oitava LRBRL.

A dita disposición adicional establece que as funcións de fe pública dos actos e acordos dos órganos unipersoais e as demais funcións de fe pública, salvo aquelas que estean atribuídas ao secretario xeral do Pleno, ao concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local e ao secretario do consello de administración das entidades públicas empresariais, serán exercidas polo titular do órgano de apoio ao secretario da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo de que poida delegar o seu exercicio noutros funcionarios municipais, regulación que se debe completar no citado Título X para o conxunto de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, tanto da subescala da Secretaría como da Intervención-Tesourería, e no relativo á Asesoría Xurídica do Concello.

Deste xeito, o grupo de funcións asignadas pola Lei 7/1985 á Secretaría de Goberno Local conlevan o desenvolvemento de competencias transversais coa totalidade da organización municipal, sen prexuízo das funcións reservadas legalmente ao titular da Asesoría Xurídica, tanto polo volume de expedientes administrativos que un Concello coa poboación e entidade como o de Vigo representa, como pola natureza e características dos mesmos. Todo sen esquecer o funcionamento da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, que realiza



## Concello de Vigo

sesión ordinaria todas as semanas, así como cantas sesións extraordinarias e urxentes resulten necesarias, nunha liña de traballo dinámica tal e como se pode comprobar nas actas do dito órgano.

Do exposto resulta evidente o cambio que se ten experimentado na configuración da oficina da Secretaría do Goberno Local, é dicir, do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, cambio referido á súa transformación de Vicesecretaría, con funcións de apoio e colaboración, á Secretaría do Goberno Local, cun núcleo de funcións propias definidas legalmente, nas que se dan obxectivamente as condicións de maior responsabilidade e dedicación, entre outras, habida conta da súa natureza, alcance e contido, así como do propio núcleo competencial que lle corresponde á Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 127 LRBRL e competencias delegadas, así como as correspondentes aos órganos unipersoais e sen prexuízo doutras funcións atribuídas no marco interno do Concello.

### **III.- Novas responsabilidades da Secretaría de Goberno Local no Real Decreto 128/2018**

Á consideración do Concello de Vigo como Municipio de Gran Poboación, nos termos sinalados no Título X da Lei 7/1985, resulta de aplicación o disposto na disposición adicional cuarta do Real Decreto 128/2018, conforme á que:

“1. En los municipios de gran población, las funciones de fe pública, y asesoramiento legal preceptivo, así como las de control y fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y las de contabilidad, tesorería y recaudación se ejercerán en los términos establecidos en el título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local así como en la disposición adicional octava de la misma.”

Conforme ao disposto no citado Real Decreto, atribúense pois, ex lege, á Secretaría de Goberno Local, como titular da fe pública municipal, e sen prexuízo doutras funcións, novas responsabilidades, como son “*La superior dirección de los archivos y registros de la Entidad Local*”, funcións que se convierten así en funcións reservadas, e que no seu exercicio deberán tomar en consideración o marco legal deseñado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC) e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas (LRXSP). Cómpre precisar a necesidade de diferenciar a atribución da función de superior dirección da condición de órgano directivo, nos termos recollidos no artigo 130 LRBRL, por canto dita condición resulta exclusiva dos municipios de gran poboación, a diferenza da previsión establecida no RD 128/2018, do 17 de marzo, aplicable ao conxunto dos municipios de réxime común.

Esta situación representa un relevante incremento das responsabilidades administrativas da Secretaría de Goberno Local que requiren, para o seu desenvolvemento, a axeitada dotación de medios e recursos persoais, en particular considerando o disposto na disposición final sétima da Lei 39/2015, responsabilidade que, no ámbito político, correspóndelle á Concellería-Delegada de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica.

Para os efectos de situar os termos e condicións nas que se viña desenvolvendo o traballo na Secretaría de Goberno Local, cómpre sinalar que, con anterioridade á entrada en vigor

da nova normativa, por esta Secretaría téñense subscrito e remitido diversos informes tanto á Concellería de Xestión Municipal como á Área de Recursos Humanos (entre outros, Expedientes 97-1102, 249-1102, 292-1102) nos que se sinalaba a limitada dotación de medios persoais para atender aos traballos habituais da Secretaría de Goberno Local, razón pola que a asignación das novas funcións esixe a adopción de medidas organizativas para adecuar os instrumentos organizativos e de xestión de persoal ao marco legal vixente. Nos ditos informes comunicábase, entre outros aspectos, que para o desenvolvemento ordinario das funcións Secretaría de Goberno Local eran necesarios máis efectivos, peticións que, neste punto, se atoparían desactualizadas por seren formuladas con carácter previo á atribución de novas responsabilidades obxecto de reserva legal e polo tanto desactualizadas.

Lembrando que o incremento parcial da carga de traballo resulta do propio requirimento da Concellería Delegada de Xestión Municipal, Persoal, Administración Electrónica e Patrimonio, pois foron introducidos novos trámites na xestión dos expedientes da Xunta de Goberno Local, tal e como a emisión de dilixencia informativa pola Secretaría do Goberno Local, a sinatura electrónica por esta Secretaría tanto das convocatorias como de todas as certificacións dos acordos adoptados polo órgano colexiado, faise preciso sulñar como tras da entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o funcionamento da Xunta de Goberno Local adaptouse inmediatamente á tramitación electrónica, coas conseguíntes adecuacións.

Así mesmo, recentemente tense producido unha nova atribución competencial á Secretaría de Goberno Local, tamén por imperativo legal, por canto a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, encomenda ao Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local as funcións de coordinación das obrigas en materia de transparencia e acceso á información que se establecen na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, incrementando ex lege a carga obxectiva de traballo.

## **II.- Alcance e extensión da función de Dirección Superior de Arquivos e Rexistros**

A aprobación no ano 2015 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, , deseñou un novo modelo de administración que pivota, con carácter básico, no funcionamento electrónico e que require de substanciais transformacións organizativas, tecnolóxicas e culturais no conxunto das administracións públicas. De aí que o lexislador, tras establecer unha *vacatio legis* dun ano, contemple na súa Disposición final sétima, que as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico producirán efectos aos dous anos de la entrada en vigor da Lei.



## Concello de Vigo

### II.a)- Regulación de Arquivos e Rexistros municipais

As citadas normas recollen a regulación básica da organización e funcionamento dos Arquivos e Rexistros, partindo, en relación con estes últimos, o artigo 12 LPAC establece que:

1. Cada Administración dispondrá de un Registro Electrónico General, en el que se hará el correspondiente asiento de todo documento que sea presentado o que se reciba en cualquier órgano administrativo, Organismo público o Entidad vinculado o dependiente a éstos. También se podrán anotar en el mismo, la salida de los documentos oficiales dirigidos a otros órganos o particulares.

Los Organismos públicos vinculados o dependientes de cada Administración podrán disponer de su propio registro electrónico plenamente interoperable e interconectado con el Registro Electrónico General de la Administración de la que depende. El Registro Electrónico General de cada Administración funcionará como un portal que facilitará el acceso a los registros electrónicos de cada Organismo.

Tanto el Registro Electrónico General de cada Administración como los registros electrónicos de cada Organismo cumplirán con las garantías y medidas de seguridad previstas en la legislación en materia de protección de datos de carácter personal. Las disposiciones de creación de los registros electrónicos se publicarán en el diario oficial correspondiente y su texto íntegro deberá estar disponible para consulta en la sede electrónica de acceso al registro.

En todo caso, las disposiciones de creación de registros electrónicos especificarán el órgano o unidad responsable de su gestión, así como la fecha y hora oficial y los días declarados como inhábiles. En la sede electrónica de acceso a cada registro figurará la relación actualizada de trámites que pueden iniciarse en el mismo.

2. Los asientos se anotarán respetando el orden temporal de recepción o salida de los documentos, e indicarán la fecha del día en que se produzcan. Concluido el trámite de registro, los documentos serán cursados sin dilación a sus destinatarios y a las unidades administrativas correspondientes desde el registro en que hubieran sido recibidas.
3. El registro electrónico de cada Administración u Organismo garantizará la constancia, en cada asiento que se practique, de un número, epígrafe expresivo de su naturaleza, fecha y hora de su presentación, identificación del interesado, órgano administrativo remitente, si procede, y persona u órgano administrativo al que se envía, y, en su caso, referencia al contenido del documento que se registra. Para ello, se emitirá automáticamente un recibo consistente en una copia autenticada del documento de que se trate, incluyendo la fecha y hora de presentación y el número de entrada de registro, así como un recibo acreditativo de otros documentos que, en su caso, lo acompañen, que garantice la integridad y el no repudio de los mismos.
4. Los documentos que los interesados dirijan a los órganos de las Administraciones Públicas podrán presentarse:
  - a) En los restantes registros electrónicos de cualquiera de los sujetos a los que se refiere el artículo 2.1.
  - b) En las oficinas de Correos, en la forma que reglamentariamente se establezca.

- c) En las representaciones diplomáticas u oficinas consulares de España en el extranjero.
- d) En las oficinas de asistencia en materia de registros.
- e) En cualquier otro que establezcan las disposiciones vigentes.

Los registros electrónicos de todas y cada una de las Administraciones, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garantice su compatibilidad informática e interconexión, así como la transmisión telemática de los asientos registrales y de los documentos que se presenten en cualquiera de los registros.

5. Los documentos presentados de manera presencial ante las Administraciones Públicas, deberán ser digitalizados, de acuerdo con lo previsto en el artículo 27 y demás normativa aplicable, por la oficina de asistencia en materia de registros en la que hayan sido presentados para su incorporación al expediente administrativo electrónico, devolviéndose los originales al interesado, sin perjuicio de aquellos supuestos en que la norma determine la custodia por la Administración de los documentos presentados o resulte obligatoria la presentación de objetos o de documentos en un soporte específico no susceptibles de digitalización.
6. Reglamentariamente, las Administraciones podrán establecer la obligación de presentar determinados documentos por medios electrónicos para ciertos procedimientos y colectivos de personas físicas que, por razón de su capacidad económica, técnica, dedicación profesional u otros motivos quede acreditado que tienen acceso y disponibilidad de los medios electrónicos necesarios.
7. Podrán hacerse efectivos mediante transferencia dirigida a la oficina pública correspondiente cualesquiera cantidades que haya que satisfacer en el momento de la presentación de documentos a las Administraciones Públicas, sin perjuicio de la posibilidad de su abono por otros medios.
8. Las Administraciones Públicas deberán hacer pública y mantener actualizada una relación de las oficinas en las que se prestará asistencia para la presentación electrónica de documentos.
9. No se tendrán por presentados en el registro aquellos documentos e información cuyo régimen especial establezca otra forma de presentación.

As dificultades que, para a cidadanía pode representar este novo modelo e coa finalidade de facilitar a utilización dos medios electrónicos e a transición no funcionamento presencial ao electrónico, o artigo 12 LPAC regula, especificamente, as obrigas de asistencia no uso de medios electrónicos aos interesados, coas seguintes determinacións:

1. Las Administraciones Públicas deberán garantizar que los interesados pueden relacionarse con la Administración a través de medios electrónicos, para lo que pondrán a su disposición los canales de acceso que sean necesarios así como los sistemas y aplicaciones que en cada caso se determinen.
2. Las Administraciones Públicas asistirán en el uso de medios electrónicos a los interesados no incluidos en los apartados 2 y 3 del artículo 14 que así lo soliciten, especialmente en lo referente a la identificación y firma electrónica, presentación de solicitudes a través del registro electrónico general y obtención de copias auténticas. Asimismo, si alguno de estos interesados no dispone de los medios electrónicos necesarios, su identificación o firma electrónica en el procedimiento administrativo podrá ser válidamente realizada por un funcionario público mediante el uso del





## Concello de Vigo

sistema de firma electrónica del que esté dotado para ello. En este caso, será necesario que el interesado que carezca de los medios electrónicos necesarios se identifique ante el funcionario y preste su consentimiento expreso para esta actuación, de lo que deberá quedar constancia para los casos de discrepancia o litigio.

3. La Administración General del Estado, las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales mantendrán actualizado un registro, u otro sistema equivalente, donde constarán los funcionarios habilitados para la identificación o firma regulada en este artículo. Estos registros o sistemas deberán ser plenamente interoperables y estar interconectados con los de las restantes Administraciones Públicas, a los efectos de comprobar la validez de las citadas habilitaciones. En este registro o sistema equivalente, al menos, constarán los funcionarios que presten servicios en las oficinas de asistencia en materia de registros.

No relativo á organización e funcionamento do arquivo municipal, e sen prexuízo doutras normativas de carácter sectorial, deber acudirse ás dúas normas, tanto á LPAC como á LRXSP, posto que ambas recollen prescricións ad hoc sobre os arquivos. Deste xeito, o artigo 17 LPAC dispón que:

1. Cada Administración deberá mantener un archivo electrónico único de los documentos electrónicos que correspondan a procedimientos finalizados, en los términos establecidos en la normativa reguladora aplicable.
2. Los documentos electrónicos deberán conservarse en un formato que permita garantizar la autenticidad, integridad y conservación del documento, así como su consulta con independencia del tiempo transcurrido desde su emisión. Se asegurará en todo caso la posibilidad de trasladar los datos a otros formatos y soportes que garanticen el acceso desde diferentes aplicaciones. La eliminación de dichos documentos deberá ser autorizada de acuerdo a lo dispuesto en la normativa aplicable.
3. Los medios o soportes en que se almacenen documentos, deberán contar con medidas de seguridad, de acuerdo con lo previsto en el Esquema Nacional de Seguridad, que garanticen la integridad, autenticidad, confidencialidad, calidad, protección y conservación de los documentos almacenados. En particular, asegurarán la identificación de los usuarios y el control de accesos, así como el cumplimiento de las garantías previstas en la legislación de protección de datos.

Regulación que debe completarse co establecido no artigo 46 LRXSP, relativo ao arquivo electrónico de documentos contempla que:

1. Todos los documentos utilizados en las actuaciones administrativas se almacenarán por medios electrónicos, salvo cuando no sea posible.
2. Los documentos electrónicos que contengan actos administrativos que afecten a derechos o intereses de los particulares deberán conservarse en soportes de esta naturaleza, ya sea en el mismo formato a partir del que se originó el documento o en otro cualquiera que asegure la identidad e integridad de la información necesaria para reproducirlo. Se asegurará en todo caso la posibilidad de trasladar los datos a otros formatos y soportes que garanticen el acceso desde diferentes aplicaciones.
3. Los medios o soportes en que se almacenen documentos, deberán contar con medidas de seguridad, de acuerdo con lo previsto en el Esquema Nacional de

Seguridad, que garanticen la integridad, autenticidad, confidencialidad, calidad, protección y conservación de los documentos almacenados. En particular, asegurarán la identificación de los usuarios y el control de accesos, el cumplimiento de las garantías previstas en la legislación de protección de datos, así como la recuperación y conservación a largo plazo de los documentos electrónicos producidos por las Administraciones Públicas que así lo requieran, de acuerdo con las especificaciones sobre el ciclo de vida de los servicios y sistemas utilizados.

## **II.b).- Acordos municipais para a implantación do novo modelo de administración electrónica**

Para garantir o dito horizonte temporal o Concello de Vigo foi adoptando diversos acordos e decisións, destacando, para os ditos efectos, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 4 de novembro de 2016, modificado por acordo do 20 de xaneiro de 2017, co seguinte contido:

**Primeiro.-** Impulsar a elaboración do “Plan de Transformación Integral da administración municipal” de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

**Segundo.-** A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.

**Terceiro.-** Constituír, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:

1. O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns
2. A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo
3. A Secretaría do Goberno Local, Dna. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña
4. O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez
5. A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Area

que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.

**Cuarto.-** Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica propondrá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que se deberán integrar, polo menos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que lles corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.

**Quinto.-** De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despregue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, esta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.



## Concello de Vigo

**Sexto.-** Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.”

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de novembro de 2016 aprobou o documento de “Medidas de Implementación das Leis 39/2015 e 40/2015 (Expte.7981/113)”, co seguinte contido:

Primeiro.- Establecer o acceso ao portal ou punto de acceso electrónico principal do Concello de Vigo a través do dominio [www.vigo.org](http://www.vigo.org), en cumprimento do artigo 39 da Lei 40/2015, que permite o acceso á sede electrónica, ao portal de transparencia municipal así como ao resto de portais ou puntos de acceso electrónicos de titularidade do Concello de Vigo.

Segundo.- Identificar a sede electrónica do Concello de Vigo, en aplicación do disposto no artigo 38 da Lei 40/2015, no enderezo [sede.vigo.org](http://sede.vigo.org), co seguinte contido:

- a) A sede electrónica configúrase como o enderezo electrónico cuxa titularidade, xestión e administración corresponde ao Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, a través da cal a cidadanía accederá á información e aos servizos e trámites electrónicos do Concello de Vigo
- b) Esta sede electrónica do Concello de Vigo será común a todos aqueles órganos e organismos públicos que integran a súa estrutura.
- c) O enderezo electrónico de referencia da sede electrónico do Concello de Vigo é <https://sede.vigo.org> que será accesible directamente ou a través da web municipal.
- d) Correspóndelle a titularidade da sede electrónica ao Concello de Vigo
- e) Na sede electrónica estará dispoñible tamén o procedemento para formular queixas e suxestións.

Terceiro.- Manter, ao amparo do disposto na Disposición transitoria 4ª da Lei 39/2015, o rexistro electrónico que está en funcionamento no Concello de Vigo dende o ano 2006 a través da carpeta cidadá, que permite a relación electrónica co Concello de Vigo no enderezo da sede electrónica antes indicado, entanto non entre en vigor o disposto na Disposición Final 7ª da Lei 39/2015, se ben o seu funcionamento deberá actualizarse ás previsións desta Lei, nos seguinte termos:

a) A responsabilidade da xestión dos rexistros electrónicos do Concello de Vigo e dos demais organismos públicos vinculados ou dependentes deste corresponderá aos seus Rexistros Xerais.

b) O Rexistro electrónico será accesible a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

c) A data e hora oficial sincronizarase segundo o disposto no artigo 15 do RD 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade. A data e hora figurará visible na sede electrónica.

d) A sede electrónica amosará en lugar visible o calendario de días inhábiles.

e) Admitiranse os sistemas de firma electrónica, nos termos establecidos no ordenamento xurídico. Os sistemas de firma electrónica admitidos polo Concello de Vigo estarán publicados e recollidos na sede electrónica como medio para a identificación da cidadanía e autentificación dos seus documentos.

f) O rexistro electrónico do Concello de Vigo rexeráse no relativo ao calendario, horario e cómputo de prazos polo previsto no artigo 31 da Lei 39/2015.

g) O rexistro emitirá automaticamente un recibo acreditativo da presentación ante o mesmo da solicitude, escrito ou comunicación, de forma que garanta plenamente a autenticidade, integridade, non repudio ante o Concello dos documentos e formularios presentados, de acordo co artigo 16.3 da Lei 39/2015, proporcionando os elementos probatorios plenos do feito da presentación e do contido da documentación

Cuarto.- Publicar o presente acordo no BOE.

Precisión que se conxuga coa temporalización establecida na norma, por canto a Disposición final sétima da LPAC sinala que as previsións relativas ao rexistro electrónico producirán efectos aos dous anos da entrada en vigor da Lei e co mecanismo establecido na Disposición adicional segunda, en canto ao establecemento pola Administración Xeral do Estado de plataformas e rexistros de adhesión voluntaria, aínda que en aplicación combinada co principio de eficiencia nos termos sinalados no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Así mesmo, e no marco dos traballos, levouse a cabo a valoración e integración a fórmulas tecnolóxicas colaborativas que permitan a interconexión dos rexistros, como ORVE ou SIR. Deste xeito a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20/01/2017, adoptou o seguinte acordo:

- A adhesión ó Convenio de Colaboración Marco entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Concello de Vigo para ó subministro da aplicación “Oficina Virtual de Rexistro” como mecanismo de acceso ó Rexistro Electrónico Xeral e ó SIR
- Facultar ao Concelleiro de Xestión Municipal, Persoal, Administración Electrónica e Patrimonio, para a sinatura dixital do citado Convenio
- Dar publicidade á sinatura do Convenio mediante a súa publicación no Portal de Transparencia, nos termos sinalados na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno, así como proceder á súa inserción na Intranet municipal para facilitar o seu xeral coñecemento polos servizos e áreas municipais.

Para o axeitado desenvolvemento dos traballos de elaboración e posta en marcha do Plan e cara a garantir a adecuación sectorial dos amplos contidos afectados por Resolucións do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admon. Electrónica de datas 18/11/16 (Rexistro e ENI-ENS) 16/12/16 (Contratación) 27/12/16 (Modificación Rexistro), 08/03/17 (interoperabilidade), das que se deu conta á Xunta de Goberno Local, reunións do 30/12/16 e 23/03/17, foron constituídos os seguintes Grupos de Traballo Sectorial do Rexistro Electrónico, do Esquema Nacional de Seguridade e Esquema Nacional de Interoperabilidade, de Contratación e do Esquema Nacional de Interoperabilidade (no ámbito da Política de Xestión Documental)


Así mesmo, para dar cumprimento ao establecido no artigo 156 LRXSP, segundo o que o Esquema Nacional de Interoperabilidade comprende o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas Administracións Públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade, o 30.12.2016 a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria adoptou acordo sobre a



## Concello de Vigo

aprobación do documento “Política de Seguridade da Información” dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade elaborado pola Comisión Técnica do Plan como primeiro paso para a adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade. O 20.01.2017 a Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria, adoptaba acordo sobre a proposta de constitución e nomeamento dos membros do Comité de Seguridade da Información de acordo co documento de “Política de Seguridade da Información”.

Nesta liña, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 16.03.2017, adoptou acordo de aplicación das previsións contidas no Esquema Nacional de Seguridade (ENS) e do Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) ao Concello de Vigo, aprobándose as seguintes normas:



### Normativas técnicas

Aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 16.03.2017 (Aprobación da aplicación das previsións contidas no ENS e do ENI ó Concello de Vigo)

- NO-01: Normativa de seguridade da información
- NO-02: Normativa de utilización dos recursos e Sistemas de Información
- NO-03: Normas de acceso a Internet
- NO-04: Normas de uso do correo electrónico
- NO-05: Normas para traballar fóra das instalacións
- NO-06: Normas de creación e uso de contrasinais
- NO-07: Acordo de confidencialidade e protección de datos de carácter persoal para terceiros
- NO-08: Modelo de contido de boas prácticas para terceiros
- NO-09: Políticas de certificación de certificados de empregado/a público/a

Na execución das previsións legais citadas, o grupo de traballo do ENI realizou os traballos correspondentes á elaboración de un borrador de normativa técnica, conformado na reunión da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral de data 04.05.2017, en base á que se elaborou o documento de “Política de xestión documental” dentro do marco normativo do ENI, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 12.05.2017.

### III.- Actuacións municipais en relación coa entrada en vigor do Real Decreto 128/2018

Á vista desta nova regulación e da necesidade de adoptar decisións organizativas de distinta natureza para a aplicación do marco legal descrito dende a Secretaría de Goberno Local realizáronse as seguintes actuacións:

No marco da nova regulación e a través do expediente 317/1102 a impulso da Secretaría de Goberno Local realizáronse unha serie de comunicacións, como se recolle a continuación:

- 1) Comunicación á Concellería Delegada de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, relativa á Reserva legal de novas funcións á Secretaría no Real Decreto 128/2018, notificada con data 23.03.2018 na que tras a posta en coñecemento do novo marco legal se solicitaba:

A adopción das medidas organizativas e de xestión, en particular, a asignación urxente de efectivos persoais e materiais para o desenvolvemento das novas

obrigas, sen prexuízo da proposta de aprobación dun programa que, unha vez se dispoña da información verificada pola Área de Recursos Humanos e Formación sobre os efectivos existentes no Rexistro e Arquivos, e polo Servizo de Administración Electrónica, en canto aos medios tecnolóxicos dispoñibles a tal fin, e de posteriores medidas que permitan, cun horizonte temporal estable o redimensionamento da Secretaría de Goberno Local, considerando que se trata de funcións reservadas legalmente, dando por comunicado o marco normativo ao responsable político.

- 2) Solicitud de informe á Xefatura de Área de Recursos Humanos e Formación relativa á Reserva legal de novas funcións á Secretaría no Real Decreto 128/2018, notificada con data 23.03.2018 na que tras a posta en coñecemento do novo marco legal se solicitaba Información sobre os efectivos existentes en Rexistro e Arquivos, así como distintas posibilidades de dispoñibilidade de persoal (reassignación de postos, listas de reservas ou outros mecanismos existentes) tamén a efectos da adopción de posteriores medidas que permitan, cun horizonte temporal estable o redimensionamento da Secretaría de Goberno Local, considerando que se trata de funcións reservadas legalmente.

Este novo marco normativo e a necesidade de adopción de medidas organizativas e de xestión foi notificado así mesmo ao responsable político.

Con data 03.04.2018 recibíuse, dende a Xefatura de Área de Recursos Humanos e Formación, resposta á solicitude efectuada, na que se sinalaba que no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, se atopa publicada a Relación de Postos de Traballo (RPT) na que se contempla a estrutura organizativa encargada ata o momento da dirección dos arquivos e rexistros, na que se atopan incardinadas as correspondentes unidades, remitindo a dita publicación para coñecer a información solicitada, concluíndo coa petición de informe sobre adecuación dos medios materiais e humanos existentes no Concello de Vigo asignadas polo RD 128/2018, do 17 de marzo.

Con esta mesma data, por esta Secretaría, respondeuse que en canto á información en relación cos efectivos dispoñibles no Rexistro e no Arquivo municipal, resulta necesario o coñecemento non só do número e categoría profesional dos mesmos, senón tamén a situación de todos os postos, a efectos de determinar si están ou non vacantes ou provistas de xeito provisional, indicando, de ser o caso, a fórmula de provisión, para poder establecer unha planificación de traballo sólida e estrutural que permita acadar os obxectivos fixados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, advertindo xa que dita planificación se atopará no seu cronograma fortemente condicionada polo grao de implantación das súas previsións habida conta da súa entrada en vigor en outubro de 2016.

Polo exposto, dende a Secretaría de Goberno Local, considerando que o Real Decreto 128/2018 entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE nº 67, do 17 de marzo de 2018), e que, en consecuencia, está plenamente vixente na súa aplicación, en particular, no relativo á asignación de novas funcións a esta Secretaría de Goberno Local en relación con "La superior dirección de los archivos y registros de la Entidad Local", reitérase a comunicación



## Concello de Vigo

remitida á esa Concellería en canto responsable político, por delegación da Alcaldía, en virtude de Resolución do 19 de xuño de 2015, lembrando que nos atopamos ante funcións que son obxecto de reserva legal.

- 3) Solicitud de informe á Xefatura de Xefatura de Servizo de Administración Electrónica, relativa á Reserva legal de novas funcións á Secretaría no Real Decreto 128/2018, notificada o 23.03.2018 na que tras a posta en coñecemento do novo marco legal se solicitaba informe sobre
- A necesidade de dimensionar o Rexistro e o Arquivo municipal con efectivos persoais do ámbito tecnolóxico, e, de ser o caso, a categoría que correspondería aos mesmos.
  - O estado de implantación dos servizos e funcionalidades asociadas aos seguintes mecanismos de administración electrónica.
    - Rexistro electrónico. ORVE-SIR
    - Rexistro Electrónico de Apoderamentos
    - Rexistro de Funcionarios Habilitados
    - Arquivo electrónico único
    - Plataforma de Intermediación de Datos
    - Punto de Acceso Xeral Electrónico da Administración
  - A previsión de adhesión ás plataformas e rexistros establecidos pola Administración Xeral do Estado ou, de ser o caso, pola Comunidade Autónoma
  - Cronograma para o cumprimento das previsións recollidas na disposición adicional segunda LPAC
  - Dotación de medios materiais dispoñibles no Rexistro, Información e Arquivo (de carácter tecnolóxico), e a súa adecuación ao modelo de funcionamento establecido na LPAC e na LRJSP.

Así como calquera outra información que puidera resultar conveniente para os efectos de garantir unha mellor organización dos ditos ámbitos funcionais.

Con data 13.07.2018 pola Xefatura do Servizo de Administración Electrónica emitíuse informe en relación cos recursos persoais necesarios, no que sinala que:

A tenor do exposto estimábase que para que no Concello de Vigo se poida comezar a implantar as funcionalidades expostas no informe do Exp 317/1102 de data 28/03/2018, de un xeito áxil eficiente e produtivo e necesario a contratación, a lo menos, de :

- 1 Técnico analista-programador escala especial A 2
  - 1 Programador escala C1
- Con data 12.07.2018 polo concelleiro-delegado de Fomento, Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, ditouse Orde de Servizo dirixida a esta Secretaría de Goberno, co seguinte contido:

Vistas as comunicacións efectuadas dende a Secretaría de Goberno Local en relación coa aprobación e entrada en vigor do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación coa atribución das funcións da superior dirección dos arquivos e rexistros da Entidade Local, dentro da función da fe

pública, segundo o disposto na disposición adicional oitava, da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, solicítase da titular do dito órgano a formulación de proposta organizativa para a adecuación da estrutura municipal vixente á relación de postos de traballo por mor do novo marco legal.

#### **IV.- Medidas organizativas e de funcionamento (urxentes) para a adecuación da estrutura organizativa e modelo de funcionamento do rexistro e arquivo legal ao RD 128/2018**

##### **IV.a).- Modificación Relación de Postos de Traballo**

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 27.04.2017 adoptou acordo de aprobación do documento unificado da relación de postos de traballo municipal, expediente 29743/220, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 7 de xuño de 2017, no que se atopa recollida a estrutura organizativa dos recursos persoais, que para unha adecuada formulación nos termos do marco normativo citado e do exposto nesta proposta sería necesaria a modificación da Relación de Postos de Traballo actualmente vixente co seguinte contido:

- Adscrición do Negociado de Rexistro Xeral á Secretaría de Goberno Local
- Adscrición de Atención Cidadá á Secretaría de Goberno Local
- Adscrición do Servizo de Arquivo Xeral á Secretaría de Goberno Local
- Creación de 1 praza de administrativo/a para o Rexistro Xeral
- Creación de 1 praza de Técnico/a analista-programador escala especial A 2
- Creación de 1 praza de Programador/a escala C1

A tal fin, sería preciso que na RPT se recolla a Secretaría de Goberno Local, co seu persoal propio, Xefatura de Negociado e Administrativa, dun xeito diferenciado na Secretaría Xeral (110), para permitir unha correcta estrutura xerárquica das unidades e servizos que pasarán á súa dependencia funcional e organizativa, en virtude da normativa de aplicación, sen prexuízo da reiteración de tramitación da proposta de modificación de RPT formulada por esta Secretaría para adecuación retributiva de ditos postos.

Esta medida debe acompañarse da provisión dos postos vacantes con empregados públicos en condición de permanencia, fuxindo da provisión mediante interinaxes de 6 meses que non permitirán o funcionamento e adecuación do modelo organizativo ás esixencias legais, recorrendo, de ser o caso, ás bolsas de contratación, para aqueles casos nos que sexa posible, para permitir a urxente provisión das mesmas.

##### **IV.b) 2. Medidas adicionais necesarias para a posta en marcha das novas funcións**

Con independencia da modificación da RPT para axustar o dito instrumento organizativo ao marco legal, resulta precisa a dotación de partida orzamentaria á Secretaría Xeral que permita abordar os custes necesarios para a contratación administrativa de servizos ou subministros, de ser o caso, así como calquera outro gasto adicional, para a súa inclusión no procedemento de elaboración dos orzamentos municipais para o vindeiro exercicio 2018.

Nestes intres atópase en fase de provisión o posto de Secretaría de Administración Municipal, que, na súa configuración de órgano de colaboración a esta Secretaría deberá





## Concello de Vigo

servir de reforzo técnico no desenvolvemento destas funcións, unha vez se atope cuberto o mesmo.

Polo exposto, á vista das competencias que corresponden á Concellería Delegada de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016, e as súas posteriores modificacións, coa finalidade de garantir os dereitos das persoas recollidos no artigo 13 LPAC e dos interesados no artigo 53 do mesmo texto legal, en coherencia co modelo legal deseñado de establecer as relacións electrónicas dos cidadáns coa administración como un dereito-deber, e de dar cumprimento ao modelo de funcionamento derivado das Leis 39/2015, e Lei 40/2015, así como ao modelo organizativo imposto polo RD 128/2018, do 17 de marzo, e considerando que dadas as modificacións que resulta necesario realizar, e tratándose de servizos alleos a esta Secretaría na súa xestión diaria, non resulta posible, neste intre, realizar un dimensionamento óptimo dos medios e recursos persoais e materiais, polo que debe sulíñarse o carácter PROVISIONAL desta proposta, e, polo tanto, sen prexuízo de posteriores modificacións e axustes de carácter definitivo, esta Secretaría de Goberno Local formula a seguinte

### PROPOSTA

**Primeiro.**- Modificación, substantiva, da Relación de Postos de Traballo actualmente vixente co seguinte contido:

- Adscrición do Negociado de Rexistro Xeral á Secretaría de Goberno Local
- Adscrición de Atención Cidadá á Secretaría de Goberno Local
- Adscrición do Servizo de Arquivo Xeral á Secretaría de Goberno Local
- Creación de 1 praza de administrativo/a para o Rexistro Xeral
- Creación de 1 praza de Técnico/a analista-programador escala especial A 2
- Creación de 1 praza de Programador/a escala C1

**Segundo.**- Modificación, formal, da RPT para recoller a Secretaría de Goberno Local, co seu persoal propio, Xefatura de Negociado e Administrativa, dun xeito diferenciado na Secretaría Xeral (110), para os efectos de permitir unha correcta estrutura xerárquica das unidades e servizos que pasarán á súa dependencia funcional e organizativa, en virtude da normativa de aplicación.

**Terceiro.**- Adoptar as medidas operativas necesarias para garantir a máis urxente e inmediata cobertura das prazas vacantes dos ditos servizos e unidades con empregados públicos en relación de permanencia, funcional e organizativa, en virtude da normativa de aplicación, recorrendo, de ser o caso, ás bolsas de contratación, para aqueles casos nos que sexa posible, para permitir a inmediata provisión das mesmas.

**Cuarto.**-Dotación de partida orzamentaria propia á Secretaría Xeral que permita abordar os custes necesarios para a contratación administrativa de servizos ou subministros, de ser o caso, así como calquera outro gasto adicional, para a súa inclusión no procedemento de elaboración dos orzamentos municipais para o vindeiro Exercicio 2018."

2.- Solicitado informe técnico ao respecto da solicitude anterior, en data de sinatura electrónica emítese co contido seguinte:

“Solicitado informe INFORME TÉCNICO en data 19/07/2018, en relación á proposta de modificación de RPT contida no informe da Secretaría do Goberno Local de 16/07/2018, conformado pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, infórmase o seguinte:

I.- Solicitase a modificación provisional da vixente RPT nos seguintes termos:

1.-Creación da unidade administrativa “Secretaría do Goberno Local, diferenciada da existente Códg 110.- Secretaria Xeral.

2.- Adscrición a nova unidade dos postos de Códg 189 Xefe/a de negociado Xunta de Goberno local e posto 105 administrativo, ata agora adscritos a unidade 110.- Secretaria Xeral.

Deste xeito, a unidade 110 “Secretaria Xeral” permanecerían adscritos os seguintes postos

<b>Cód. Retrb.</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>SITUACIÓN</b>
1	SECRETARIO/A XERAL PLENO DA CORPORACION	
305	SECRETARIO/A ADMINISTRACION MUNICIPAL	VACANTE
163	XEFE/A NEGOCIADO ACTAS	
138	AUXILIAR	

3.- Adscrición da Unidade administrativa “Rexistro Xeral”, cód. 232, dependente da Área de Réxime Interior, a unidade de nova creación “Secretaria do Goberno Local”, coa conseguinte readscrición dos postos de Códg Rtb 258.-XEFE/A NEGOCIADO INFORMACIÓN, Códg Rtb 91.-XEFE/A OFICINA REXISTRO XERAL, Códg 105 ADMINISTRATIVO/A (3 postos, Códg 246.- OFICIAL TELEFONISTA, Códg Rtb 138.- AUXILIAR (6 postos) e Códg Rtb 136 AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS (2 postos). Dita modificación afectaría aos empregados con NP números 17101, 21798, 10027, 11475, 77329, 22929, 21752, 14143, 79140, 22355, 17727, 17756, 13340 e 22881.

4.- Adscrición da Unidade de Atención Cidadá, dependente do servizo de Participación e Atención Cidadá, a nova unidade de “Secretaria do Goberno Local”, coa conseguinte readscrición dos postos vacantes Códg 179.- TÉCNICO/A XESTIÓN, Códg 246.- OFICIAL TELEFONISTA e Códg 138 AUXILIAR.

5.-Adscrición do Servizo de Arquivo Xeral, cód. 233, nestes momentos na Área de Réxime Interior, a nova unidade de “Secretaría do Goberno Local”, coa correspondente readscrición dos postos Códg Rtb 293 TÉCNICO/A ACTIVIDADES SOCIAIS, Códg 56 TECNICO/A SUPERIOR ARQUIVO (Vacante), Codg Rtb 105 ADMINISTRATIVO/A, Códg Rtb 149 AUXILIAR DE ARQUIVO (dous postos) e Códg 136.- AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS. Dita readscrición afectaría aos empregados con NP 21150, 10576, 15533, 76565 e 13735.



## Concello de Vigo

SECRETARIA GOBERNO LOCAL						
RP	CODG	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
T	RTB					
01	3	SECRETARIO/A DO GOBERNO LOCAL	30	1	A1	81004
01	189	XEFE/A NEGOCIADO XUNTA GOBERNO LOCAL	22	313	C1	21835
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	22094
321	SERVICIO ATENCION CIDADA(010)					
RP	CODG	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
T	RTB					
01	179	TECNICO/A XESTION	25	690	A2	V
01	246	OFICIAL TELEFONISTA	16	159	C2	V
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	V
233	ARQUIVO XERAL					
RP	CODG	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
T	RTB					
01	293	TECNICO/A ACTIVIDADES SOCIAIS	26	650	A1	21150
01	56	TECNICO/A SUPERIOR ARQUIVO	26	680	A1	V
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	10576
01	149	AUXILIAR DE ARQUIVO	16	159	C2	15533
01	149	AUXILIAR DE ARQUIVO	16	159	C2	76565
01	136	AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	16	159	C2	13735
232	REXISTRO XERAL					
RP	CODG	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
T	RTB					
01	258	XEFE/A NEGOCIADO INFORMACION	22	313	C1	17101
01	91	XEFE/A OFICINA REXISTRO XERAL	22	305	C1	21798
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	10027
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	11475
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	77329
01	246	OFICIAL TELEFONISTA	16	159	C2	22929
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	21752
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	14143
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	79140
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	22355
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	17727
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	17756
01	136	AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	16	159	C2	13340
01	136	AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	16	159	C2	22881

En canto a creación de novas prazas (Administrativo/a no Rexistro Xeral, Técnico/a analista-programador/a e, Programador/a, deuse traslado do expediente ao técnico desta Área de RR.HH e Formación, responsable da elaboración do Capítulo I de Gastos dos orzamentos municipais 2019, así como contemplar a creación da partida orzamentaria propia.

## II.- Motivación técnica da modificación organizativa da reestruturación proposta

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que “sen prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por si mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz”.

De conformidade co art. 90.2 da Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), “as Corporacións Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”.

Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditosa instrumentos serán públicos”.

Pola súa parte, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), dispón que “as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”.

As Administracións Públicas teñen a necesidade de mellorar o seu funcionamento interno co obxectivo de incrementar a súa eficacia e eficiencia, deseñando os seus servizos de xeito de ofertar o mellor servizo ao cidadá.

Así, o novo marco legal e funcional establecido polas Leis 39 e 40/2015 demandan unha necesidade esixe a modificación da actual estrutura organizativa ao abranguer un ámbito material e funcional moito distinto ao existente na actualidade

No presente caso, dadas as funcións atribuídas legalmente así como as referidas a Xunta de Goberno Local e competencias delegadas, parece axeitada a creación dunha unidade organizativa propia, tal e como se solicita no escrito e segundo as motivacións nel contidas.

En canto a dependencia xerárquica das unidades organizativas de Arquivo Xeral e Rexistro Xeral, dadas as novas responsabilidades atribuídas a Secretaría do Goberno Local no RD 128/2018, referidas a funcións da superior dirección dos arquivos e rexistro do concello aos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, parece lóxico a adscrición das unidades organizativas correspondentes a estes - Arquivo Xeral e Rexistro Xeral- , baixo a dependencia xerárquica do habilitado correspondente.

En referencia a Oficina de Rexistro Xeral enténdese debería redenomíname en “Oficina de asistencia en materia de rexistro e información”, tal e como se contempla na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das administracións públicas, ao establecer a necesidade de que as administracións públicas teñan actualizada na súa sede



## Concello de Vigo

electrónica, un directorio que permita aos interesados identificar as oficinas de asistencia en materia de rexistro existentes así como as previsións legais referidas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico previstos nesta.

Así mesmo o persoal da actual unidade organizativa 321 Atención Cidadá poderíase considerar a súa posible inclusión na "Oficina de asistencia en materia de rexistro e información".

A reorganización proposta non afectaría en xeito algún as condicións laborais, retribucións e dereitos laborais do persoal adscrito as mesmas, regulados no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, si ben a creación de dita oficina así como as novas funcións das "oficinas de asistencia en materia de rexistro" contempladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, veñen a supoñer modificacións nas funcións e tarefas asignadas aos postos adscritos a actual unidade administrativa do Rexistro Xeral.

### III.- Procedemento

Dispón o art. 202.2 da LEPG que "previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se achegaron reclamacións, suxestión ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións achegadas".

### IV.- Preceptividade de negociación colectiva

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de negociación "as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos". Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

### V.- Sometemento a preceptiva fiscalización previa

Ainda que a proposta non supón incremento do gasto, será preceptiva a fiscalización previa da modificación de RPT proposta.

### VI.-Competencia

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ós municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación da RPT e, polo tanto, das súas modificacións é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

**3.-**Solicitado en dilixencia de data 18/10/2018 a ampliación de información por parte do órgano proponente, en canto á organización interna proposta, en data 23/10/2018 emítase novamente informe por parte da Secretaría do Goberno Local ratificándose na proposta efectuada.

**4.-** Á vista dos antecedentes expostos, procede a formulación do correspondente informe xurídico-proposta de acordo ao órgano municipal competente.

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.-As relacións de postos de traballo.-**

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que “sen prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por sí mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz”.

De conformidade co art. 90.2 da Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), “as Corporacións Locais formarán a relación de todos os posto de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”.

Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditosa instrumentos serán públicos”.

Pola súa parte, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), dispón que “as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”.

As adecuación retributivas excepcionais e singulares dos postos de traballo existentes nas Administracións Públicas atópanse contempladas na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

### **II.- Procedemento.-**

Dispón o art. 202.2 da LEPG que “previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se achegaron reclamacións, suxestión ou alegacións. En caso



## Concello de Vigo

contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións achegadas”.

### **III.- Preceptividade da negociación colectiva.-**

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de negociación “as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos”. Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

### **IV.- Motivación técnica e legal da modificación proposta.-**

Como sinala o informe emitido pola Secretaria do Goberno Local, en data 16 de marzo de 2018 foi aprobado o Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que se deroga o Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; o Real Decreto 834/2003, do 27 de xuño, polo que se modifica a normativa reguladora dos sistemas de selección e provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o Real Decreto 522/2005, do 13 de maio, polo que se modifican os requisitos para a integración dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención e, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no citado real decreto.

Dita norma foi publicada no Boletín Oficial do Estado do 17 de marzo, núm. 67, fixando na súa Disposición Final Terceira a súa entrada en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOE. A dita normativa, no seu artigo 2, apartado a) establece que son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións Locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a de Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo, desagregando o contido das ditas funcións reservadas no artigo 3.

A consideración do Concello de Vigo como municipio de gran poboación, nos termos sinalados no Título X da Lei 7/1985, xenera a necesaria aplicación do disposto na disposición adicional cuarta do Real Decreto 128/2018, conforme á que:

“1. En los municipios de gran población, las funciones de fe pública, y asesoramiento legal preceptivo, así como las de control y fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y las de contabilidad, tesorería y recaudación se ejercerán en los términos establecidos en el título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local así como en la disposición adicional octava de la misma.”

Conforme ao disposto no citado Real Decreto, atribúense pois, ex lege, á Secretaría de Goberno Local, como titular da fe pública municipal, e sen prexuízo doutras funcións, novas responsabilidades, como son “La superior dirección de los archivos y registros de la Entidad Local”, funcións que se convierten así en funcións reservadas, e que no seu exercicio deberán tomar en consideración o marco legal deseñado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC) e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas (LRXSP). Cómpre precisar a necesidade de diferenciar a atribución da función de superior dirección da condición de órgano directivo, nos termos recollidos no artigo 130 LRBRL, por canto dita condición resulta exclusiva dos municipios de gran poboación, a diferenza da previsión establecida no RD 128/2018, do 17 de marzo, aplicable ao conxunto dos municipios de réxime común.

Isto implica que nos atopemos ante o cumprimento de obrigas legais de inexcusable cumprimento, as cales motivan a reorganización que se propón neste expediente administrativo.

Dende a perspectiva técnica, efectúase unha remisión á motivación técnica contida en informe técnico de data de sinatura electrónica emitido ao expediente nº 32.380/220.

#### **V.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa do expediente.-**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (art. 214) dado que a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta, a mesma propón a reasignación de estruturas a áreas de gasto diferentes, que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria.

#### **VI.- Competencia.-**

O art. 4.1.a) e c) da LRBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación da RPT e, polo tanto, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **VII.- Procedemento e informes preceptivos.-**

Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:

“d) En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:





## Concello de Vigo

6.º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.

4. La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe/conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.

Visto o anteriormente exposto, no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e 30/12/201 , así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos da mesmas datas, sométese á consideración da mesma a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

“**PRIMEIRO.**- Aprobar inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, nos termos expostos nos informes que anteceden incorporados ao expediente electrónico 32.380/220 e do preceptivo informe de fiscalización previa, así como da negociación colectiva celebrada segundo acta incorporada ao expediente, concretada nas modificacións seguintes:

1.-Creación da unidade administrativa “Secretaría do Goberno Local, diferenciada da existente Códg 110.- Secretaria Xeral.

2.- Adscrición á nova unidade dos postos de Códg 189 Xefe/a de negociado Xunta de Goberno local e posto 105 administrativo, ata agora adscritos a unidade 110.- Secretaria Xeral.

Deste xeito, á unidade 110 “Secretaria Xeral” permanecerían adscritos os seguintes postos

Cód. Retrb.	DENOMINACIÓN POSTO	SITUACIÓN
1	SECRETARIO/A XERAL PLENO DA CORPORACION	
305	SECRETARIO/A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL	VACANTE
163	XEFE/A NEGOCIADO ACTAS	
138	AUXILIAR	

3.- Adscrición da Unidade administrativa “Rexistro Xeral”, cód. 232, dependente actualmente da Area de Réxime Interior, á unidade de nova creación “Secretaria do Goberno Local”, coa conseguinte readscrición dos postos de Códg Rtb 258.-XEFE/A NEGOCIADO INFORMACIÓN, Códg Rtb 91.-XEFE/A OFICINA REXISTRO XERAL, Códg 105

ADMINISTRATIVO/A (3 postos, Códg 246.- OFICIAL TELEFONISTA, Códg Rtb 138.- AUXILIAR (6 postos) e Códg Rtb 136 AUXILIAR SERVIZOS INTERNOS (2 postos)-

4.- Adscrición da Unidade de Atención Cidadá, dependente do servizo de Participación e Atención Cidadá, á nova unidade de "Secretaría do Goberno Local", coa conseguinte readscrición dos postos vacantes Códg 179.- TÉCNICO/A XESTIÓN, Códg 246.- OFICIAL TELEFONISTA e Códg 138 AUXILIAR.

5.-Adscrición do Servizo de Arquivo Xeral, cód. 233 , encadrado na Área de Réxime Interior, á nova unidade denominada "Secretaría do Goberno Local", coa correspondente readscrición dos postos Códg Rtb 293 TÉCNICO/A ACTIVIDADES SOCIAIS, Códg 56 TECNICO/A SUPERIOR ARQUIVO (Vacante), Codg Rtb 105 ADMINISTRATIVO/A, Códg Rtb 149 AUXILIAR DE ARQUIVO (dous postos) e Códg 136.- AUXILIAR SERVIZOS INTERNOS, quedando a estrutura segundo cadro seguinte:

SECRETARIA GOBERNO LOCAL						
RP T	CODG RTB	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
01	3	SECRETARIO/A DO GOBERNO LOCAL	30	1	A1	81004
01	189	XEFE/A NEGOCIADO XUNTA GOBERNO LOCAL	22	313	C1	21835
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	22094
321 SERVICIO ATENCION CIADA(010)						
RP T	CODG RTB	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
01	179	TECNICO/A XESTION	25	690	A2	V
01	246	OFICIAL TELEFONISTA	16	159	C2	V
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	V
233 ARQUIVO XERAL						
RP T	CODG RTB	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
01	293	TECNICO/A ACTIVIDADES SOCIAIS	26	650	A1	21150
01	56	TECNICO/A SUPERIOR ARQUIVO	26	680	A1	V
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	10576
01	149	AUXILIAR DE ARQUIVO	16	159	C2	15533
01	149	AUXILIAR DE ARQUIVO	16	159	C2	76565
01	136	AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	16	159	C2	13735
232 REXISTRO XERAL						
RP T	CODG RTB	NOMBRE POSTO	CD	CE	GR	N.P.
01	258	XEFE/A NEGOCIADO INFORMACION	22	313	C1	17101
01	91	XEFE/A OFICINA REXISTRO XERAL	22	305	C1	21798
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	10027
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	11475
01	105	ADMINISTRATIVO/A	19	316	C1	77329
01	246	OFICIAL TELEFONISTA	16	159	C2	22929



## Concello de Vigo

01	138	AUXILIAR	16	159	C2	21752
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	14143
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	79140
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	22355
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	17727
01	138	AUXILIAR	16	159	C2	17756
01	136	AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	16	159	C2	13340
01	136	AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	16	159	C2	22881

**SEGUNDO.-** Someter, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o presente expediente a información pública por un prazo de 20 días a efectos de presentación de reclamacións, suxestión ou alegacións, contados dende o día seguinte a data de publicación do correspondente anuncio no BOP, transcorrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non achegarse reclamacións, ordenando a conseguinte publicación no BOP.

**TERCEIRO.-** Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento ás modificacións puntual acordada, se proceden segundo o contemplado no informe preceptivo de fiscalización previa incorporado ao expediente.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal), Concellerías-delegadas de Área e Xefaturas de Área incluídas no seu ámbito funcional ou competencial, e Intervención Xeral Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos

Contra o acordo de aprobación definitiva da modificación puntual da RPT, que pon fin a vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC), poderase interpoñer **recurso de reposición** perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1381).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN". EXPTE. 3784/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/11/18 e o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES DE FEITO

**I.-** O Concelleiro-Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 18.05.17, resolveu autorizar o gasto para para redacción do proxecto de “Recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán” a prol da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP (B27734326).

**II.-** A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP presenta proxecto de "RECUPERACIÓN DA ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9, NA PARROQUIA DE CANDEÁN", redactado polo Enxeñeiro Civil e Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO nº Colexiado 11.813.

**III.-** O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1710 “Parques e xardíns” a aplicación orzamentaria 1710.609.00.01 (RECP.Z.VERDE SOBRE FALSO TUNEL DA AP-9 EN CANDEÁN).

**IV.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 22.08.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 22.08.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**V.-** Consta no expediente administrativo de referencia, resolución de Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio), de data 17.08.2018, autorizando á execución das obras proxectadas, condicionada o cumprimento das seguintes condicións:

“Xerais

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a



## Concello de Vigo

administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

### Particulares

1. As obras consistirán no "Proxecto de recuperación da zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9", consistentes na execución de dúas plataformas para aparcamento en zahorra de 2945 e 1711 m<sup>2</sup>, outras tres para desenvolvemento de actividades festivas en zahorra de 1095 e 1479 m<sup>2</sup> e en aglomerado asfáltico en quente de 2954 m<sup>2</sup>, e dúas máis como pradeira con terra vexetal sementada e plantación de árbores de 3179 e 1152 m<sup>2</sup>, instalación de alumeado público con 4 postes de 12 metros de altura e 5 proxectores con canalizacións e arquetas, execución de 154,8 m<sup>2</sup> de muros de contención de cachotería de pedra para anqueo de vías de acceso e de 139,7 ml de cuneta revestida de formigón, ampliación de acometidas de saneamento e abastecemento cara á zona de actividades e máis instalación de 585,2 ml de valado de madeira, en zona de policía, servidume con dous cruzamentos por riba do leito canalizado dun regato innominado, na zona de protección da AP-9, P.Q. 154+760 do Ministerio de Fomento, parroquia de Candeán, Concello de Vigo (Pontevedra)

2. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.

3. Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.

4. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

5. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentas ou cheas. Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.

6. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso,

aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc ata conseguir a súa situación primitiva.

7. O prazo para a realización das obras é de doce (12) meses, contados a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

8. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

**VI.-** A actuación desenrólase na parroquia de Candeán sobre os túneles da AP-9, nun terreo diáfano que abarca unha superficie de 19.475,50 m<sup>2</sup>, este terreo está situado moi próximo á praza da igrexa da parroquia, centro neurálxico onde se concentran todos os actos festivos, e consiste nas obras a executar que se enumeran a continuación:

- O acondicionamento do lugar transformándoo nunha gran zona verde, adecuando 3 plataformas multiusos para actividades varias e recreo dos transeúntes, que inclúe unha zona de pradería para espaxamento e paseo.
- Contémplase como primeira actividade o rozado e retirada de terra vexetal de toda a superficie, das 3 zonas. Niveladas as diferentes superficies se achegará chan seleccionado compactado, todas as plataformas irán encintadas con bordos prefabricados de formigón.
- A execución dunha instalación de iluminación con 5 postes de 12 m de altura e 5 proxectores cada un de 117 w Led, coas súas correspondentes canalizacións e arquetas de rexistro. Que se alimentarán desde o centro de mando de San Cristovo nº 109, coa súa correspondente adecuación.
- A construción de muros de contención de terras para a ampliación de anchos de viarios.
- A execución dunhas cunetas de formigón in situ e duns salvacunetas que faciliten o paso ás mesmas desde o viario central.
- A realización dunha acometida de saneamento e abastecemento no extremo da zona de actividades, xunto ao Viario.
- A colocación dun valado de rollizo de madeira de altura máxima 1,20 m apoiado sobre pequenas zapatas de formigón.
- A colocación de terra vexetal cribada e a realización de hidrosembra. E a plantación de árbores de 25-30 cm de circunferencia Ginkgo Biloba na zona de pradería e Carballo Americano no resto con insterdistancia aproximadas de 15 m.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de ( CATRO) 4 meses.

**VII.-** A Enxeñeira Técnica Industrial e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O.

E Ásis. Municipal, emiten en data 22.11.2018 informe, indicando o seguinte:

“Tendo en conta a contía do proxecto, superior a 500.000 euros, este informe ten carácter preceptivo. (Art. 235 da lei 9/2017).

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.



## Concello de Vigo

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

**VIII.-** O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo en data 22.11.2018 resolveu:

Primeiro.- Delegar no Concelleiro Delegado da Fomento, Contratación e Limpeza, D. F. Javier Pardo Espiñera, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das “obras de recuperación da zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán”

Segundo.- Para os efectos da presente delegación utilizaranse os créditos necesarios dentro do orzamento municipal na aplicación orzamentaria 1710.609.00.01 incluída, de ser necesaria, a modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución da mesmas”

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do

Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de “RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL NOVECIENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €) e asinado dixitalmente nas datas 19 e 21 de novembro de 2018.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(1382).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA PALA RETROCARGADORA MIXTA. EXPTE. 13038/445.**

Visto o informe xurídico de data 13/11/18 e o informe de fiscalización do 23/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

1º.- En data 9 e 10 de marzo de 2018, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario respectivamente, tal e como establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

Neste informe establécese que tendo en conta que na actualidade, algúns vehículos da flota do Parque Móbil Municipal son moi antigos ou están totalmente deteriorados polo seu uso e o paso do tempo e, polo tanto son inservibles para a finalidade para a cal foron adquiridos, faise necesario proceder a súa renovación.

Asemade, e en vista do anterior, determínase que é imprescindible e urxente a substitución das máquinas que se atopan fora de servizo para poder seguir prestando os servizos que requiren os traballos de mantemento dos viais públicos do termo municipal de Vigo.





## Concello de Vigo

**2º.-** Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, con data 14 de marzo de 2018 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

**3º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, con datas 9 e 10 de marzo de 2018, respectivamente.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 14 de marzo de 2018.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais de data 6 de setembro de 2018.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 19 de outubro de 2018 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais ,en data 21 de outubro polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, 22 de outubro de 2018 polo Xefe da Área de Inversións, e conformada na mesma data polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza .
- e) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 23 de outubro de 2018.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 23 de outubro de 2018.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ó Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP) e, por delegación desta (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do devandito texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102

LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto simplificado segundo o establecido no artigo 159 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de que non existe desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.-** Previa aprobación do expediente, é preceptivo o informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional Terceira, apartado 8 da LCSP); así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da Asesoría Xurídica, o documento contable e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do contrato de subministro dunha pala retroexcavadora mixta.

**Segundo.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 23 de outubro de 2018.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais en data 6 de setembro de 2018.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de NOVENTA E CINCO MIL TRESCENTOS VINTE E CINCO EUROS (95.325,00 €) (IVE engadido), sendo a partida correspondente ao IVE de DEZA SEIS MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS E UN CÉNTIMO (16.544,01 €).

O valor estimado do contrato estipúlase en SETENTA E OITO MIL SETECENTOS OITENTA EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (78.780,99 €).

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida "9202 624 0000 - Adquisición de Vehículos", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1383).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO FASE III. EXPTE. 75/441.**

Dáse conta da proposta de data 23/11/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	95,04
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	94,75
3	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,29
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	93,49

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
5	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL - MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	91,37
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,26
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,70
8	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	88,39
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,77
10	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	85,17
11	ORECO, S.A.	85,03
12	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	74,77
13	COPCISA, S.A.	73,83
14	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	30,60

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **9(1384).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE V, DESDE TRAVESÍA DE VIGO Á RÚA PADRE CELSO. EXPTE. 74/441.**

Dáse conta da proposta de data 23/11/18 , asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	98,40
2	CIVIS GLOBAL, S.L.	95,51
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	94,80
4	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	94,30
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	92,02
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	91,29
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,14
8	ORECO, S.A.	88,43
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,78
10	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	86,77
11	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	81,91
12	COPCISA, S.A.	78,67
13	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	55,54

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez